



Declaracións institucionais 16

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 28 de maio de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación pola Comisión por asentimento:

- 08/DEC-0016

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego
Declaración institucional

"Declaración do Día mundial sen tabaco 2010

É ben coñecido que o consumo de tabaco é a causa principal de morte evitable. Dos máis de mil millóns de persoas fumadoras que hai no mundo, o 20% son mulleres, pero esta cifra está en aumento, xa que mentres as taxas de tabaquismo en homes alcanzou o seu cumio, segue aumentando nas mulleres. As mulleres constitúen un importante obxectivo das industrias tabaqueiras que precisan captar novos consumidores para suplir a aqueles que morren prematuramente por enfermidades causadas polo tabaco.

A OMS afirma que as medidas xerais de control do tabaquismo poden non ter a mesma eficacia nos dous sexos, polo que é necesario que nas políticas de control do tabaquismo se teña en conta a perspectiva de xénero. Neste sentido, o lema escollido pola OMS este ano para o 31 de maio, Día mundial sen tabaco, é "Xénero e tabaco: PREVENCIÓN DO TABAQUISMO, dirixida ás mulleres". Estará orientado a salientar os efectos nocivos do tabaco dirixidos a mulleres e nenas.

O Parlamento de Galicia quere sumarse a esta declaración e sinalar que, se ben a prevención primaria é a principal estratexia de control do tabaquismo, se deben facer esforzos para apoiar a aqueles fumadores e fumadoras que queren deixar o hábito, polo que se deben poñer ao seu alcance todas aquelas estratexias de tratamento que demostren ser eficaces."

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º